



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE

XUÑO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás once horas do día vinte e cinco de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia de dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de xuño de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Resolución definitiva da concesión de subvencións do programa F0I00B dirixido a concellos a outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2014, da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizo Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña . Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto Concilia Cambre, por importe de 22.860,80 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 118, do día 23 de xuño de 2014).

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa F0036A dirixido a concellos a outras entidades locais interesadas na realización de programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2014, da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizo Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña . Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “xuntanza do maior”, por importe de 3.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 118, do día 23 de xuño de 2014).

- Resolución definitiva da concesión de subvencións correspondentes ao programa F0201 convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais, durante o ano 2014, da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña . Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “XXXI certame de pintura Concello de Cambre e as novas tecnoloxías máis cerca 2014”, por importe de 5.490 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 116, do día 19 de xuño de 2014).

- Resolución do 17 de xuño de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Consellería de Economía e Industria, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de xaneiro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (IN519B). Figura o Concello de Cambre coas finalidades “renovación do emisario da rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo”, por importe de 120.000 euros e “renovación de firme nas rúas Monier, Zeppeling e Marconi, polígono industrial do Espírito Santo”, por importe de 120.000 euros. (Diario Oficial de Galicia número 118, do día 23 de xuño de 2014).

- Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas. (Boletín Oficial do Estado número 154, do día 25 de xuño de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que a Xunta de Galicia concedeu unha subvención por importe de 315.000 euros para realizar cinco accións formativas nas seguintes materias: atención sociosanitaria a persoas no domicilio, soldadura, dinamización comunitaria, xestión integrada de recursos humanos e enerxía solar. Engade que a relativa a recursos humanos xa comezou a pasada semana. O resto comezan o día 1 de xullo de 2014. Tamén di que Cambre é o concello de toda a provincia que mais cursos recibe e máis importe por esta subvención.

Igualmente informa que hoxe recibiu a resolución pola que se concede un novo obradoiro de emprego de atención sociosanitaria en institucións por importe de 177.000 euros.

A continuación, informa que os pasados días 14 e 15 de xuño tivo lugar a feira de emprendedores e artesanía Concello de Cambre. Manifesta que o bo tempo influíu negativamente na afluencia de público. Aínda así, di que a percepción dos emprendedores foi positiva. Fixeron bastantes contactos comerciais e quedaron satisfeitos por ter asistido.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa respecto da liquidación do orzamento de 2013. Di que a porcentaxe de execución do orzamento foi do 82,35%, a máis alta dos últimos anos, dende o 2005 concretamente. O remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2013 é positivo (593.936 euros), cumpríndose o obxectivo de estabilidade orzamentaria. A capacidade de financiamento é de 1.513.342 euros e o aforro neto tamén foi positivo, de 1.207.204 euros.

Engade que solicitou un informe a intervención para ver a que se poden destinar estes recursos e logo tomarase unha decisión ao respecto.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que esta semana están a realizar un cruzamento motivado polas obras do paraugas para máis adiante poder poñer saneamento nesa zona. Este saneamento estaba incluído no primeiro proxecto do DTC.

A seguir informa que a semana pasada se comezou coa roza das gabías.

Tamén informa que se comezou a vender a Fenosa a enerxía fotovoltaica que se produce na escola infantil da Barcala.

Igualmente, informa que no seu departamento se está a traballar na redacción dos pregos de desratización e mantemento de extintores.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que solicitou permiso a Xunta de Galicia para instalar puntos de luz na AC-214 entre As Pereiras e Fabás.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o luns pasado tivo lugar a sardiñada no campo da feira de Cambre coa asistencia de moita xente. Con motivo da choiva suspendeuse a actuación de Mamacabra, incluída dentro do programa cultura no camiño.

A seguir, informa que por motivos de enfermidade se anula a actuación da compañía de teatro The Royal Green Jackets "La muerte de Sir John Moore" que estaba programada no local da Xuventude de Cecebre o vindeiro día 27 de xuño do ano que andamos.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que se lle deu traslado á empresa concesionaria do mantemento da piscina da Barcala da proposta de sanción e teñen dez días para presentar alegacións.

Igualmente, informa que están a recibir ofertas para a sinalización das instalacións deportivas.

A seguir, informa que respecto do expediente das placas solares da piscina da barcala, está pendente do informe xurídico e, respecto do expediente da reforma da citada piscina, está pendente de aprobar o orzamento.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que dende o departamento da OMIX se realizou a actividade de buceo o pasado sábado e con gran éxito.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que na páxina web está a disposición a información do funcionamento dos campamentos de verán. Engade que todos os meses están cubertos ao 100%.

A continuación, informa que a pasada semana visitou todos os centros escolares para coñecer as previsións en canto ás futuras obras a realizar no período de vacacións. Falou con todos os profesores e acordaronse as obras necesarias.

Igualmente informa que o mércores pasado, Susana Seivane visitou o CEIP do Graxal, para coñecer ao neno que falou da súa historia nas xornadas das mulleres de Cambre. Ao acto asistiron tódolos nenos e resultou do agrado de todos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A seguir, informa que o venres a ANPA do CEIP Wenceslao Fernández Flórez lle entregou alimentos dun mercadillo solidario que fixeron no centro para a despensa municipal. Igualmente, no día de hoxe a ANPA do CEIP Portofaro realizará a mesma actuación.

Para rematar a súa actuación, dona María Jesús González Roel informa que as ANPAS de tódolos CEIPs e IESs comezarán esta semana a traballar no programa de bancos de libro de texto.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental



Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G